



## Convocatoria para participar no Programa Atrévete 2019/20

Este programa que se desenvolve no marco do Plan eduemprende vai dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria no espírito emprendedor.

### Quen o organiza?

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e diferentes asociacións empresariais en favor do impulso da cultura emprendedora entre o alumnado e darlle a coñecer o tecido empresarial da súa contorna.

### OBXECTIVO:

O obxectivo deste programa é dar a coñecer ao alumnado directamente e a través do profesorado o tecido industrial da súa contorna, en concreto as empresas das diferentes asociacións empresariais colaboradoras, e sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora. Así mesmo preténdese desenvolver as competencias persoais e sociais relacionadas co emprendemento que prepare ao alumnado para confiar nas súas capacidades.

### DESTINATARIOS:

Alumnado de 5º/ 6º de Educación Primaria e 1º / 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

### NÚMERO DE PRAZAS PARA AS VISITAS

As visitas poderán realizarse dende novembro ata maio. Adxudicarase unha visita por centro O número máximo de alumnos/as por centro e visita será:

- 5º e 6º de Educación Primaria: máximo 50
- 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria: máximo 50

\*Este número de alumnos/as poderá variar en función da empresa visitada.

### CERTIFICACIÓN:

O traballo realizado polo profesor-a / coordinador-a deste programa nos centros solicitantes será recoñecido pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

O centro solicitante presentará xunto coa solicitude (ver anexo I) un proxecto no que deberá especificar:

- Planificación das actividades a desenvolver co alumnado participante de cara a conseguir o obxectivo xeral do programa Atrévete. Nesta planificación incluíranse as actividades que se desenvolveran ao longo do curso.



- Temporalización. Neste apartado deberá incluírse a data estimada para a realización da visita que se poderá realizar desde o 18 de outubro ata o 15 de maio ( incluído).

Unha vez rematado o programa, o profesor-a / coordinador-a enviará unha memoria do traballo realizado na que se reflectirá as diferentes actividades desenvolvidas así como a visita realizada. Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa, será necesaria a valoración positiva da memoria e unha certificación do director do centro na que figure o profesorado/ coordinador-a do programa e as funcións realizadas.

### CALENDARIO DAS VISITAS:

- **Actividades de fomento do emprendemento para 5º e 6º de Educación Primaria:**  
Ver anexo II
- **Xornadas de fomento do emprendemento para 1º e 2º curso de Educación Secundaria**  
Ver anexo III
- **Concurso “Atrévete a ter unha idea”:**  
Dirixido ao alumnado participante neste programa. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais. O prazo para a presentación remata o 22 de maio de 2020.  
Ver o guión facilitado no anexo IV.

En xuño levarase a cabo a clausura do programa nun acto público ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa. Durante o acto farase entrega dos premios do concurso.

### SOLICITUDE:

As solicitudes xunto co proxecto enviaranse ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) co seguinte asunto: SOLICITUDE PROGRAMA ATRÉVETE 2019-2020

O prazo de solicitude remata 30 de setembro de 2019.

\*Adxudicarase unha visita por nivel. No caso de que queden prazas vacantes poderase adxudicar máis dunha visita. Na solicitude deberán figurar obrigatoriamente todos os datos que se indican anteriormente.

### SELECCIÓN DOS CENTROS:

Unha vez pechado o prazo de solicitude a comisión de selección avaliará as solicitudes presentadas. Esta comisión estará constituída por:

- Dous/dúas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Dous/dúas representantes de Asociacións empresariais colaboradoras.

A listaxe dos centros seleccionados publicárase en :

<http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende-programa-atrevete>



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

DATOS DO CENTRO					
CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO		CIF	
ENDEREZO		C.P	LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO		FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
PERSOA COORDINADORA		TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO	
Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES		CURSO		DATA DE PREFERENCIA PARA A VISITA	
SIGNATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE			SIGNATURA DA PERSOA COORDINADORA		

**ANEXO II:**

<b>PROGRAMA ACTIVIDADES DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 5º - 6º PRIMARIA</b>	
09.50h	Chegada ao Centro Integrado de Formación Profesional de referencia
10.00h	Benvida
10.10h	Charla: Qué é emprender?
11.10h	Experiencias emprendedoras na comarca (Empresarios/Representantes da Asociación de Empresarios)
11.30h	Visita ao Centro Integrado de Formación Profesional

<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria</b>	<b>DATAS</b>
A CORUÑA	CIFP Someso (A Coruña)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020.
	CIFP Ferrolterra (Ferrol)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	CIFP Coroso (Ribeira)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020.
	IES Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria</b>	
LUGO	CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	IES Lois Peña Novo (Vilalba)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 5º - 6º Primaria</b>	
OURENSE	CIFP A Farixa (Ourense)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 5º- 6º Primaria</b>	
PONTEVEDRA	CIFP Manuel Antonio (Vigo)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	CIFP Carlos Oroza ( (Pontevedra)	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020

**ANEXO III:**

<b>PROGRAMA XORNADAS DE FOMENTO DO EMPRENDAMENTO 1º - 2º DA ESO</b>	
10.00h	Benvinda dos representantes da Asociación de Empresarios
10.30h	Reunión cun emprendedor ou emprendedora
11.00h	Visita a unha empresa da Asociación de Empresarios

**\* O remate da actividade dependerá da empresa visitada**

<b>PROVINCIA</b>	<b>XORNADAS 1º- 2º ESO</b>	<b>DATAS</b>
A CORUÑA	Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Asociación de Empresarios de Ferrolterra (Ferrol) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Asociación de Empresarios de Ribeira (Ribeira) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Asociación de Empresarios Seara (As Pontes de García Rodríguez) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
LUGO	Confederación de Empresarios de Lugo/Federación CEL Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Asociación de Empresarios Sete Pontes (Vilalba) Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
OURENSE	Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
PONTEVEDRA	Círculo de Empresarios de Galicia Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Federación Comarcal de Empresarios de Arosa Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020
	Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra Visita á empresa	Desenvolveranse os venres dende o 18 de outubro de 2019 ata o 15 de maio de 2020



## ANEXO IV: Guión Concurso Atrévete a ter unha idea ( Opcional)

### 1. Título da idea.

### 2. Orixe e descrición da idea.

*Neste apartado describirase como xurdiu a idea, como se detectou a oportunidade de negocio, se é unha idea innovadora, a quen se dirixe, que necesidades cubre, problema/s que resolve, proposta de valor e en que se diferencia doutras ideas que hai no mercado.*



**3. Cales son os seus clientes e como vamos a contactalos.**

*Neste apartado describirase quen son os clientes que van a comprar o produto/servizo e como se vai conseguir chegar ata eles e que merquen o produto/servizo.*

**4. Cal é a competencia.**

*Neste apartado describirase quen son os competidores que existen no mercado para o produto/servizo e como se vai conseguir que se venda máis que o da competencia. De non ter o produto/servizo competidores directos, detallar cales serían os seus produtos substitutivos ou alternativos.*

**5. Como imos por en marcha esta idea.**

*Neste apartado describirase que se necesita para por en marcha a idea, e que pasos se van a seguir para poñela no mercado, a inversión necesaria, as vías de financiamento, etc.*



## **6. Documentación adicional**

*Como documentación adicional poderase axuntar algún documento gráfico ou audiovisual que describa e axude a entender a idea (debuxo, esquema, vídeo explicativo de duración máxima 1 minuto...)*